

Cobra ritmo o traballo cara á Semana Santa de 2024

A Xunta de Confrarías e Irmandades vén de establecer as datas dos eventos máis importantes no preámbulo da vindeira Semana Santa de Ferrol. En 2024 o Domingo de Ramos cae cedo, o 24 de marzo, de maneira que tamén se adiantan respecto aos pasados anos as ci-

tas previas: o 13 de xaneiro será a presentación do cartel; o 9 de marzo terá lugar a presentación do procesionario e a revista Ecce Homo, pola mañá, e sairá o Vía Crucis pola tarde; e o 16 de marzo celebrarase no teatro Jofre a lectura do pregón. Á volta do verán cobrou rit-

mo o traballo de preparación da próxima edición da Paixón ferrolá e con esa finalidade celebrouse unha reunión entre o presidente e o secretario da Xunta de Confrarías, César Carreño e Fernando Iguacel, e o alcalde da cidade, José Manuel Rey Varela. •

Pax. 5

Entrevista a Maica García, concelleira de Turismo

A actual concelleira de Turismo do Concello de Ferrol, Maica García, ocupaba o mesmo cargo hai 10 anos, cando a Semana Santa de Ferrol conseguiu o recoñecemento de Interese Internacional. Falamos con ela daquel logro, no que traballou directamente, e de como ten evolucionado o evento. •

Pax. 7

Saída extraordinaria polos 75 anos de historia do Terzo da Piedade

A Confraría de Dolores celebrou o pasado 2 de setembro unha procesión extraordinaria para conmemorar os 75 anos de historia do Terzo da Piedade. A imaxe mariana saiu á rúa Méndez Núñez precedida do Santísimo Cristo da Misericordia e realizou un percorrido polo barrio da Magdalena que estivo acompañado de numerosos fieis. Tamén neste mes de setembro, o pasado día 15, a irmandade servita culminou o Triduo na honra de María Santísima de Dolores coa tradicional procesión que comezou e rematou na concatedral. •

Pax. 2



A Confraría da Mercé celebrou a súa festividade con diversos actos

Pax. 3

Está aberto ata o día 6 o concurso para elixir o cartel da Paixón 2024

Pax. 5

O Museo recibiu máis de 400 visitas durante a tempada de verán

Pax. 6

As irmandades reabren as súas oficinas e a atención ao público

Pax. 6

La Cofradía de Dolores homenajeó los 75 años de historia del Tercio de la Piedad

La Cofradía de Dolores ha vivido este año un mes de septiembre especialmente intenso. Además del tradicional Triduo en honor de su titular, que termina con la procesión el día de la festividad de la Virgen de Dolores, la hermandad celebró una procesión extraordinaria el día 2 para conmemorar el 75 aniversario de la creación del Tercio de la Piedad.

La emblemática “Dolorosa del Encuentro”, una de las imágenes más antiguas de la Semana Santa de Ferrol, salió del corralón después de las ocho de la tarde, del mismo lugar del que sale cada Jueves Santo desde 1949 –salvo en las ocasiones en las que la lluvia u otras circunstancias lo han impedido– cerrando la solemne procesión del Santísimo Cristo de la Misericordia. También en esta ocasión la precedió el Cristo de la Misericordia, seguido de la banda Acotaga. La Virgen de la Piedad salió a continuación, con la Xove Banda de Narón cerrando la comitiva.

La hermandad celebró antes una misa de Acción de Gracias en la iglesia del Socorro, dado que su sede canónica sigue cerrada y pendiente de la ejecución



de una nueva fase de su rehabilitación, e invitó a cofrades y fieles a participar, ya en la recogida, en una acción solidaria en la que se cambiaron las flores del trono por donativos. Se reunieron más de 1.400 euros para Cáritas.

Numeroso público siguió la salida extraordinaria, cuya retirada fue, como es habitual, un momento álgido del evento y la cofradía consiguió recaudar más de 1.400€ para Cáritas.

Apenas diez días después de la extraordinaria comenzó el Triduo en honor de María Santísima de los Dolores. La concatedral de San Julián acogió las misas los días 13, 14 y 15 a las 19.30h. El último



día, viernes, la eucaristía estuvo acompañada por el Coro Diapasón y al terminar salió la procesión.

Este año, como sucedió el Viernes Santo de la pasada Semana Santa, la

comitiva tuvo que enfilear la calle Irmandiños desde la concatedral, para evitar las obras en curso, y subir después por las calles Coruña, Real y Sánchez Barcáiztegui. •

A Mercé culminou un mes cargado de actividades coa tradicional procesión

A procesión de Nosa Señora da Mercé, o pasado 24 de setembro, culminou todo un mes de celebración que a irmandade mercedaria tinguíu de carácter solidario. Por unha banda, as pulseiras vendidas traducíronse na doazón de máis dun cento de litros de leite e por outra recadáronse fondos a través dun bingo no que participaron máis de trinta persoas.

O Triduo á Nosa Nai da Mercé que se celebrou do 22 ao 24 e que culminou na súa festividade coa tradicional procesión, foi anunciado cun cartel cheo de símbolos e detalles mercedarios. As cadeas, o antigo escudo que aparecía nos diplomas do colexio Tirso de Molina coa inscrición "Redemptionen misit populo suo" -enviò a Redención ao seu pobo- e



os anxos que están aos pes da imaxe da Virxe da Merced aparecían en dita orla. Xunto cos rezos do Rosario e as misas, a Confraría aproveitou a ocasión para invitar ás familias a presentar aos nenos ante a Virxe e tamén para impor escapularios a aquelas persoas que o solicitaron.

O bispo diocesano, Fernando García Cadiñanos, presidiu o día 24 a Eucaristía e a posterior procesión. Esta volveu realizar, como xa pasou no pasado ano 2022, o percorrido que antano facía a Virxe Branca. Así, a comitiva avanzou pola rúa María e a imaxe da Mercé recibiu petaladas á saída da capela e despois,

diante do colexio Xesús Mestre. Baixou pola rúa Emilio Antón e detívose á altura do convento das Esclavas, onde un portador da Virxe entrou a facer unha ofrenda floral. Despois, a marcha retomouse ao son da canción que as relixiosas lle adicaron á Mercé e que chegou á rúa desde a ventá. •

O Real Coro Toxos e Froles cantou "María da Mercé" ás portas da capela

O Real Coro Toxos e Froles, medalla de ouro da confraría, acudiu puntual ás portas da capela do Tirso, o día 24, para interpretar diante da Virxe a canción "María da Mercé", a composición que lle

compuxo hai anos e que forma parte xa da tradición deste día. Numeroso público congregouse ás portas da igrexa neste momento, ao igual que ao longo do itinerario da procesión. A banda Aco-



taga foi a encargada de acompañar o desfile, na traseira da Virxe da Mercé. Nos primeiros metros do percorrido interpretou "O manancial da vida", do compositor sevillano Juan Manuel Carmona.

La Virgen del Carmen saldrá cada año en su procesión de una sede canónica

La Junta de Cofradías y Hermandades acordó en este 2023 que la procesión de la Virgen del Carmen saldrá cada año de una de las sedes canónicas, siguiendo su turno, como sucede también a la hora de buscar la imagen para el cartel de la Semana Santa. Así, en este segundo año desde que la Junta instituyó esta procesión de gloria, para acabar con una ausencia sorprendente en una ciudad tan marinera como Ferrol, el desfile se celebró el sábado 15 de julio y salió de la capilla de la Merced.

La imagen de Negrí Acevedo fue llevada a hombros por Amboage y la calle Real hasta entrar en el barrio de Ferrol Ve-

llo por Espartero. El recorrido siguió por las calles de la Merced, Socorro y Avenida de la Marina, en el frente portuario, hasta entrar en el Arsenal Militar. Los actos terminaron allí con una ofrenda floral.

El desfile salió en su segunda edición de la capilla de la Merced en Amboage

La imagen se quedó esa noche en la Sala de Armas del Arsenal para presidir al día siguiente los actos de la Armada, por la mañana, y la procesión marítima de la Autoridad Portuaria por la tarde, de nuevo con la presencia de numeroso público. •



Procesión de la Parrocheira



Las cofradías de la Semana Santa tuvieron una participación destacada, un año más, en la procesión de la Virgen del Socorro, la popular "Parrocheira", celebrada el

10 de septiembre. Muchos fieles acudieron al puerto para acompañar a la imagen en su recorrido, que incluyó un paseo en barco y una ofrenda floral. •

A Xunta de Confrarías fixa as datas dos actos previos á Semana Santa 2024

A Xunta de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol está xa inmersa no traballo de preparación da vindeira edición da Paixón ferrolá. No ano 2024 o Domingo de Ramos chegará pronto, o 24 de marzo, de aí que se adianten tamén con respecto aos últimos anos os actos previos.

Así, o 13 de xaneiro terá lugar a presentación do cartel da Semana Santa de Ferrol 2024, que pouco despois, do 24 ao 28 do mesmo mes, viaxará a unha nova edición da feira internacional de turismo Fitur, en Madrid,

A xornada do 9 de marzo será outra data importante no preámbulo da próxima Semana Santa ferrolá. Ese día pola mañá celebrárase a presentación do procesionario e dunha nova edición da revista Ecce Homo. Pola tarde será o Vía Crucis, outro acto tradicional na preparación cara á conmemoración da Paixón de Cristo.

O 16 de marzo, o sábado anterior ao de Paixón, será o pregón. A Xunta de Confrarías anunciará proximamente a persoa encargada do mesmo, e unha vez máis será no teatro Jofre.



Procesionario e revista presentaranse o 9 de marzo, día tamén do Vía Crucis


No marco do traballo de preparación da vindeira Semana Santa, o presidente e o secretario da Xunta de Confrarías, César Carreño e Fernando Iguacel, mantiveron neste mes de setembro un encontro co alcalde,

José Manuel Rey Varela, e a concelleira de Turismo, Maica García Fraga.

Entre outros asuntos, ao falar da coordinación das procesións que se sucederán na cidade entre o 24 e o 31 de marzo do vindeiro ano 2024, comentouse nesta reunión que a Confraría da Mercé vai sumar ao seu programa o desfile de Noso Pai Xesús da Humildade no Bico de Xudas. A imaxineira gaditana Ana Rey está a facer a imaxe desta procesión, que sairá da capela mercedaria o Xoves Santo ás 18.45 horas, despois da actuación da Brilat en Amboage. •

A Confraría das Angustias ten aberto ata o 6 de outubro o prazo do concurso para elixir o cartel

A Confraría das Angustias será a protagonista do cartel da Semana Santa de Ferrol 2024. Segundo a quen da que siguen as cinco irmandades penitenciais da cidade, a de Esteiro ten que decidir a imaxe, ben sexa unha fotografía ou unha pintura, que ilustrará tanto o cartel como a portada da revista Ecce Homo e o procesionario.



Para elixila, a confraría convocou un concurso. As persoas interesadas en

presentar algunha foto ou pintura, cuxo tema serán as imaxes ou procesións da irmandade, deberán envialas en formato dixital, cunha calidade mínima de 300dpi, á dirección concurso@cofradiadelasangustias.com. Tamén poden acercalas á oficina -martes e xoves, de 18.30 a 20.30h- nun pendrive.

O último cartel que protagonizou a Confraría

de Esteiro foi o de 2018, daquela cunha fotografía da Virxe das Angustias realizada por Ignacio del Moral. Pasaron desde entón seis anos, en lugar de cinco, por mor da interrupción que causou a pandemia. No 2021, en vez de seguir a quen da habitual, dedicouse o cartel daquela edición atípica a homenaxear aos traballadores esenciais na loita contra a covid. •

O Museo da Semana Santa recibiu máis de 400 visitantes durante a tempada de verán

O Museo da Semana Santa de Ferrol recibiu nesta tempada de verán, desde finais de xuño ata mediados de setembro, un total de 437 visitantes. A exposición abre en horario de mañá de martes a domingos, entre as 10.00 e as 14.00h, e tamén as tardes dos sábados e domingos de 17.00 a 20.00h.

A mostra, composta por imaxes e outros elementos que as confrarías empregan ou empregaron nas súas procesións,



recibe tamén visitas de grupo que poden concertarse cun mail a exposicion.semanasantadeferrol@gmail.com. Nestes meses de verán acudiron,

por exemplo, grupos do Máster de Museos, Arquivos e Bibliotecas da UDC, da Asociación de Saúde Mental e das Aulas Senior de Lalín. •

As confrarías retoman a atención ao público

Omes de setembro marca o inicio dun novo curso confrade. As irmandades da Semana Santa de Ferrol reabriron os seus locais e oficinas despois do descanso habitual nos meses de verán.

Así, a Mercé abre as súas dependencias os martes de 18.00 a 20.00 horas. Tamén o martes faino Dolores, no seu caso de 18.30 a 20.00 horas. Os mércores é o día de atención da Confraría da Soidade, de 18.30 a 20.00 horas. A Irmandade do Santo Enterro adoita abrir a súa sede canónica, con entrada polo lateral da concatedral de San Xiao, os venres de 19.00 a 20.00 horas, aínda que as persoas que o desexen poden concertar cita por Whatsapp, co número de teléfono 650502279. A das Angustias, pola súa banda, está os martes e os xoves de 18.30 a 20.30 horas.

Tamén as agrupacións e bandas de música confrade retomaron os ensaios, despois dun verán no que moitas actuaron en diferentes festas e eventos, e de novo teñen abertas as portas a novas incorporacións. •

Cándido Otero, arcipreste de Ferrol



A Diócese de Mondoñedo-Ferrol ten nomeado a Cándido Otero como novo arcipreste de Ferrol. A Xunta de Confrarías e Irmandades felicita ao sacerdote, que tamén é

o consiliario das confrarías e da Semana Santa de Ferrol.

A lotería de Nadal está xa á venda

Desde finais do pasado mes de xullo, teñen as confrarías á venda a súa lotería de Nadal. As participacións poden adquirirse no Museo da Semana Santa, no local de cada irmandade ou en diferentes establecementos dos que se informan nas redes sociais.

As Meninas, coa música confrade



Integrantes da A.M. do Cristo da Boa Morte participaron na pasada edición das Meninas de Canido pintando este mural preto do seu propio local, na rúa Navegantes.

Maica García Fraga, concelleira de Turismo no Concello de Ferrol

"A Paixón de Ferrol é todo un referente e cada ano son máis os visitantes"

Maica García Fraga, concelleira de Turismo no goberno municipal de Ferrol, é unha testemuña de excepción para falar da trascendencia do recoñecemento de Interese Turístico Internacional á nosa Semana Santa. Ocupaba a mesma responsabilidade hai dez anos e participou na tramitación do expediente.

► Que recorda daquela tarefa?

► Cando tomei posesión como concelleira era primavera de 2013. Pero o groso do expediente estaba feito, e recordo traballar cóbado a cóbado coa antiga presidenta da coordinadora de cofradías, Meca Arcos. Levamos o expediente unha tarde a Turismo de Galicia, na praza de Mazarelos, en Santiago, para que, á súa vez, o elevasen a Madrid, á Secretaría de Estado.

► Que implicou o recoñecemento no tocante ao seu traballo naquel mandato?

► Lembro ese mesmo 2014 no que chegou, en xaneiro, a declaración de Interese Turístico Internacional, como traballamos arreo coas confrarías para que a cidade lucise con todo o seu esplendor.



► Cando se armou o expediente, a Semana Santa de Ferrol recolleu adhesións de estamentos políticos, económicos, profesionais... Segue a percibirse ese apoio unánime ao evento?

► Sen dúbida. A cidade vólcase. E así debe ser. Temos que ir todos da man e amosar a nosa mellor cara aos turistas e visitantes que se achegan a Ferrol na semana grande.

► Dez anos despois e desde a súa perspectiva, como ten evolucionado a Semana Santa Ferrolá?

► Nesta última década, o traballo constante das confrarías fixo que a Semana Santa se convertese no principal reclamo

turístico da cidade. A Paixón de Ferrol é todo un referente fóra das nosas fronteiras e iso tradúcese en que cada ano son máis os visitantes que, por distintos motivos, se achegan á nosa cidade nesas datas. E por iso seguiremos traballando para facela cada ano mellor.

► Que obxectivos se marca neste mandato cara á promoción da Semana Santa de Ferrol?

► Seguiremos acudindo ás fórmulas que nos últimos anos vemos que dan resultado, como é a asistencia a certames turísticos como Fitur e feiras sectoriais, así como outras accións en diferentes puntos do país. Este mesmo

ano xa cerramos a participación en encontros sectoriais para touroperadores e prensa especializada en turismo cultural.

► Cales son os retos que ten que afrontar a Semana Santa de Ferrol desde o punto de vista turístico?

► Temos unha programación ampla, equiparable á de verán, con viaxes en lancha pola ría, visitas guiadas pola cidade ou o castelo de San Felipe, a nosa rede de museos... é unha oferta preparada para que todo o mundo poida desfrutar de Ferrol, en diferentes ámbitos, ademais de toda a vistosidade relixiosa que caracteriza a cidade nesas datas.

► Cal é a súa vinculación coa Semana Santa? Coñecía desde pequena?

► Si. Sempre vivín a Semana Santa moi de cerca incluso durante uns anos fun portadora da Virxe da Esperanza. Agora, sempre que me invitan as confrarías, participo nas procesións como concelleira. É unha honra.

► Cal é o momento máis emocionantes para vostede na Paixón ferrolá?

► Ver entrar o Cristo dos Navegantes no Arsenal. •

Os capuchóns ferroláns viaxaron á feira de artesanía e turismo de Vila do Conde



Ferrol e a localidade portuguesa de Vila do Conde celebran este ano o 50 aniversario do seu irmanamento. Con ese motivo, a cidade quixo estar presente na Feira de Artesanía que celebra a vila lusa, un evento que leva 45 edicións e polo que adoitan pasar unhas 400.000 persoas cada ano. O stand de Ferrol otorgou un gran protagonismo á Semana Santa, o único evento que ten recoñecido o Interese Turístico Internacional, e para presentala neste escaparate viaxaron ata alí varios hábitos que visten os capuchóns de diferentes confrarías e tamén unha procesión feita en ganchillo, a de Nosa Señora dos Cativos, obra de Susi Pantín.

Susi Pantín é da Confraría da Mercé, do Terzo do Redentor, ademáis de nai traballadora e afeccionada ao ganchillo, un labor que aprendeu de nena das súas dúas avoas e que ten un poder desestresante para ela. No seu perfil de Instagram [@deangelyca_ganchillo](#) -nome co que fai homenaxe ás avoas Ángeles e Catula- é posible descubrir os moitos e variados labores que fai. Entre eles están os amigurumis, bonecos tecidos cos que comezou por montar o Belén para a súa casa, ao que cada ano vai sumando unha figura nova. Despois xurdiu a idea de facer algún capuchón e monaguillos da Mercé para contribuír ao merchandising da súa irmandade e, dado o éxito, un compañeiro lanzoulle o reto de facer unha procesión. Foi un desafío á medida da pandemia que chegou a continuación.

O desfile de Nosa Señora dos Cativos, que a Mercé saca na tarde do Mércores Santo, amosouse durante as últimas Semanas Santas, na súa versión amigurumi, no escaparate de La Casa del Fumador -o negocio da súa amiga Helena Pena, irmá maior da confraría-. Ata a feira de Vila do Conde non foi completo, por cuestións de espazo no stand, pero serviu como exemplo da creatividade que bule arredor das nosas procesións.